

## **CONTOS COMPRENDIDOS, CONTOS SENTIDOS, CONTOS CONTADOS**

### **PREÁMBULO**

Dunha ocasión, hai dous anos, nun centro de ensino dunha pequena vila da provincia de Pontevedra, atopeime con nenas e nenos contando contos, monologando e contando anécdotas e chistes desde un escenario; presentábanse diante de compañeiros e mestres para ser seleccionados para un concurso a nivel galego. Xa daquela me pareceu que, menos unha nena de tres anos, todos contaban o que contaban facendo valer a memorización rigorosa dun texto escrito. E o resultado era un contar pouco natural, neutral e inseguramente teatral.

Hai uns meses volví ter a mesma impresión noutro centro de ensino localizado no interior rural da provincia de Ourense, onde presupuña que se daban unhas inmejorables condicións para o afloramento da oralidade, presente e refeita por herdanza sociocultural, sobre todo no seo familiar. Do grupo definitivo de catro alumnos seleccionados polo profesor, dun subgrupo de dez, escolleitos á súa vez dun grupo de orixe de preto de cen alumnos, (a pretensión da selección era de novo buscar quen mellor contara en público para representar fóra ó centro de ensino e demostrar a excelencia da tradición oral revivida) atopeime con que, un conto que me pareceu contado con pouca intención, resultou ser en realidade falta de comprensión:

- E por que o galo do conto se chamaba 'Coidado ? (preguntei)

- ...?

De dicir eu algo, vin necesario facelo desde o meu interese saber deles, do que lles fora máis próximo e coñecido. Pedinlle entón á contadora que me dixera que animais tiñan na casa. Preguntei polos seus cans. Pedinlle logo que me describira fisicamente os dous cans que me dixo que tiñan. E despois que mos describira polo seu carácter. Pedinlle por último que me contara un feito, unha fazaña, un sucedido, unha peripecia,... que lle pasara cos cans. Primeiro díxome que non había nada especial, e bueno, non tardou en lembrar, sen lle dar maior importancia, que:

-O can Rex salvoulle a vida a miña avoa...

-E iso como foi?! (pregunteille asombrado)...

-Pelexou con outro can máis grande e a avoa deulle un pau ó outro can, e o outro can botouse a ela, e o noso can Rex colleuno polo pescozo... E ARREBOLARON POLO MONTE ABAIXO!

Así é que aquí estaba todo, clariño como a auga dun manancial abondoso que ata había un intre inda estaba encorada na presa coma unha chapacuña posta, ou peor aínda, sen se ver nin se intuír: E aí estaba o comezo que abre os ollos e pon interese en escoitar, a peripecia de perigo e salvación, o remate que pecha pero abre, a

soltura ou a desenvoltura oral, o interese polo que se conta, o coñecemento dos materiais, a emotividade precisa e sentida, a interiorización e a frescura, a importancia e a aparente falta da transcendencia, a sinxeleza, a redondeza, a xusteza e a concreción das palabras, o lume do entendemento en contacto coa carne das palabras que parece que te tocan... realizando o que foi real... súa avoa, o can Rex, o episodio, ...

## **PROPOSTA**

Traballar un obradoiro de contos e historias de tradición oral desde unha perspectiva biográfica e sociográfica, ou sexa, tomando como escusa as biografías dos participantes, e como apoios principais algúns contos populares recollidos no libro: “Contos Populares” de Maruxa Barrio e Enrique Harguindey, na súa segunda edición de 1988 da editorial Galaxia, mailos materiais e espazos do Museo do Pobo Galego.

## **OBXECTIVOS XERAIS**

- Traballar a comprensión plena dos relatos
- Traballar desde a oralidade e para a oralidade

## **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS**

- Mellorar os coñecementos empíricos que conteñen e que enriquecen o noso saber, a nosa comprensión do mundo que nos rodea e sustenta e que nos ilustran sobre a nosa identidade.
- Reflexionar as intencións narrativas que encamiñan á persoa que conta, prestando especial atención á ironía ou retransa que obriga a vestir e desvestir a linguaxe coa intelixencia e a dominar a intención polo lado da persoa emisora e a afinar a comprensión por parte da persoa receptora.
- Provocar as reflexións explícitas que apelan directamente ás interioridades narrativas, tanto de temas como de modos.
- Reflexionar sobre o valor e interese da perdurabilidade cultural e as súas mudanzas a través da oralidade.
- Reflexionar para entender o contar como parte da coloquialidade, e esta coma un dos fundamentos da convivencia e a identidade.

- Recoller deles mesmos historias vividas ou escoitadas, en todo caso, propias, que teñan que ver con un ou máis dos motivos destacados dos contos escolmados.
- Comparar distintas versións dun mesmo conto, e trazar nun mapa os distintos lugares onde foi recollido, e os camiños e tempos que puido seguir.

## **METODOLOXÍA**

Traballar con versións escritas e orais de contos populares e relatos de vida, destacando neles os niveis de coñecemento empírico para así propicialo (desde o coñecemento dun obxecto, unha construción ou animal, ó desenvolvemento dunha labor, ou a unha análise dun feito, dunha dinámica social, dun tempo de festa ou do tempo atmosférico).

As versións escolmadas servirán para, no seu conxunto, dispoñer dun mapa significativo de motivos e intencións nos contos populares e nas historias de vida. E haberá que contar tanto cos recursos do Museo coma coa súa ubicación, sobre todo ó estar situado ó pé do parque de Bonaval, e en pleno casco histórico da cidade compostelana. Traballando con estes materiais e sobre estas bases metodolóxicas coidamos que non só será bo, senón tamén necesario este obradoiro para adquirir seguridade e destreza orais.

## **DESTINATARIOS**

Alumnado de 7 a 12 anos en grupos de 25 participantes como máximo.

## **DATAS**

Os xoves de marzo e abril ( agás xoves santo) ás 11h00.

**Precísase solicitar con antelación. Custe para centros non socios do Museo: 70 ct. por alumno/a.**

## **MATERIAIS ESCRITOS**

- “Coidado”pax.73; “ O lobo e a ovella”pax 49; “O coche e os cabalos”pax.191; “O brazo partido do raposo”pax.33; “O lobo sen rabo”pax.39; “ O rato do monte e o da casa”pax.40; “Con que se enfría o caldo”pax.56; “ O mozo que marchaba ó servizo”pax.65; “ A muller de boa paz” pax. 73. “A vella quequería castañas” pax. 81; “O xastre que gastaba moito tempo” pax. 98; “ O castigo dos

avaros” pax.102; “Eran tres canteiros” pax.106; “Xan e Marijuana” pax.14; “Xan o tonto” pax. 143; “Xan das Zocas”pax. 149; “Xan e a filla do rei” pax. 150; “Xan sen coidados” pax. 152; “ O papel que vía as cousas” pax. 153; “Mantencia enteira” pax. 171; “O borracho no cabalo” pax. 179; “Acudide aquí defuntos” pax. 180; “O abó e mailo neto” pax. 182; “Os tres herdeiros” pax. 190; “O coche e os cabalos de ouro” pax. 191. *Contos Populares*. Maruxa Barrio e Enrique Harguindey. Galaxia 1988, pp. 9-10.

- “Cuento del pollo de oro” pax.43; “El zorro aprende a cantar”pax.40; en *Cuentos Mapuches de Chile*. Yolando Pino Saavedra. Ed. Universitaria, S.A. 2000. .
- “A confesión do lobo” pax.49; “El pobre y el demonio” Pax.32; en *Leyendas, cuentos y romances de Sanabria*. Luis Cortés Vázquez. Gráficas Cervantes, 1998.